



Organiza:

Real Academia Galega de Belas Artes

Praza do Pintor Álvarez de Sotomayor, 1
15001 A Coruña
Teléfono y fax 981 211 602
info@academiagalegabelasartes.org
Www.academiagalegabelasartes.org

Programación artística do concerto de carácter benéfico proposto polo
ORPHELION
a favor de



Patrocinan:



Real Academia Galega de Belas Artes

"ORPHELION"

DEBORAH HAMBURGER, *violín*
FRANCISCO REGOZO, *viola*
BERTHOLD HAMBURGER, *violoncelo*
TODD WILLIAMSON, *contrabaixo*
NICOLÁS GÓMEZ, *trompa*
ANTONIO SUÁREZ, *clarinete*
ÁLEX SALGUEIRO, *fagot*

CONCERTO A BENEFICIO DE
ASOCIACIÓN PARKINSON GALICIA-CORUÑA

Xoves, 22 de febreiro de 2018
Ás 20:00 horas
Salón de Actos da Academia

concerto

CARL NIELSEN (1865-1931)

Serenata in vano, CNW69

Carl Nielsen compuso a súa *Serenata in vano* en maio 1914 xusto antes de comezar o traballo na súa cuarta sinfonía. Supostamente escribiu a obra para una xira en so unha semana e a primeira presentación pública tivo lugar o 3 de xuño de 1914 en Nykøbing Falster. No mesmo concerto tamén interpretouse o *Septimino* de Beethoven. “*Serenata in vano* é unha bagatela humorística”, escribiu Nielsen. “Primeiro os cabaleiros tocan dunha maneira un tanto cabalesca e chamativa para atraer á loira ao balcón, pero ela non aparece. Logo tocan o seguinte movemento dunha maneira lánquida (Poco adagio), pero iso tampouco ten ningún efecto. Como xogaron en van (in vano), non lles importa un pito e arrástranse cara as súas casas ao ritmo da pequena marcha final, que tocan para a súa propia diversión”.


LUDWIG VAN BEETHOVEN (1770- 1827)

Septimino ou Septeto para ventos e cordas, en mi bemol maior (Op. 20)


A obra, dedicada á emperatriz María Teresa, está escrita para tres instrumentos de vento (clarinete, fagot, trompa) e catro de corda (violín, viola, violonchelo e contrabaixo). Escribiu Beethoven ao editor Hofmeister en decembro de 1800 que «á vista dos hábitos, poderíanse transcribir os tres instrumentos de vento (...) para un violín, unha viola e un violoncelo máis». Isto era en función dos «amateurs» que, segundo todos os indicios, eran numerosos: desde a súa aparición, o Septeto obtivo, en efecto, un gran éxito. Desta cálida acollida é testemuña, entre outros, a opinión do Allgemeine Musikalische Zeitung. «Un septeto escrito con moito gusto e imaxinación».

Tal entusiasmo acabou por exasperar ao compositor quen, máis tarde, declararíaa: «Hai un moito imaxinación, pero pouco arte... Naquela época eu non sabía compoñer, e agora creo que si sei». Esbozado en 1799 (ao mesmo tempo que o Cuarteto nº 2), a partitura foi terminada en 1800. O compositor deuna a coñecer nun concerto público, no National Hoftheater de Viena, á vez que a Sinfonía nº 1. Todo parece indicar que a obra xa fora interpretada en privado, na casa do príncipe de Schwarzenberg. Foi publicada en 1802, por Hofmeister y Kühnel, en Leipzig (naquel momento, e sen dúbida por erro, como op. 21). Tamén en 1802, Beethoven realizou unha transcripción para trío (piano e cordas) que dedicou ao doutor Schmidt.


A obra adoita a forma antiga do divertimento ou a serenata, en seis movementos, da que evoca tanto o espírito como a liberdade de realización, amosándose, a fin de contas, moi próximo ao estilo de Mozart e Haydn. No que segue reproduciremos tres exemplos musicais perfectamente explícitos deste estilo e que, polo demais, alcanzado popularidade. Un Adagio de dezaioito compases constitúe o preámbulo e dá paso ao Allegro con brío ou primeiro movemento, a cal se constrúe a partires dun tema condutor pimpante, en corcheas picadas repetitivas, en deseño lineal que evita calquera complicación polifónica e vive do seu propio dinamismo. O segundo movemento (Adagio cantabile) utiliza un tema en 9/8, presentado doce, de moi íntimo fervor:



O Tempo di minuetto en 3/4, con trío, fai aparecer un tema sincopado de extremado vigor:



En canto ao cuarto movemento, trátase dun tema con variazioni (cinco variacións e coda). O tema, Andante en 2/4, é de aire popular (tomado dunha canción de bateleiros renana), e é presentado polo primeiro violín ao que se une o clarinete:



Co quinto movemento temos un Scherzo indicado Allegro molto e vivace, con trío. O tema deste scherzo en 3/4 fai unha entrada case cómica, en acorde descomposto á oitava descendente (coa trompa); é repetida en notas conxuntas, sempre descendentes, nun rexistro agudo, antes de ser retomada literalmente polo fagot. O carácter é o de música galante sen máis pretensións, aínda que marcado por un ton afirmativo xa moi «beethovenián». Por fin, o movemento conclusivo organízase mediante un Andante con molto alla Marcía que introduce a un Presto (en 2/2) cuxo tema principal preséntase á maneira dun perpetuum mobile, sempre en notas breves e rápidas. Así, a obra concluirá no virtuosismo máis brillante.

CARL NIELSEN

Serenata in vano, CNW 69

- I. **Allegro non troppo ma brioso (Re menor)**
- II. **Un poco adagio (Mi bemol maior)**
- III. **Tempo di marcia (Si bemol maior)**

LUDWIG VAN BEETHOVEN

Septimino ou Septeto para ventos e cordas en mi bemol maior. op. 20

- I. **Adagio - Allegro con brío**
- II. **Adagio cantabile**
- III. **Tempo di minuetto - Trio**
- IV. **Tema con variazioni. Andante**
- V. **Scherzo. Allegro molto e vivace**
- VI. **Andante con molto alla marcia - Presto**